ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

**FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA**
**PU02007**

## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso de verán sobre a propiedade intelectual na sociedade dixital

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Coñecementos transversais

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **CUALIFICACIÓN:** | ASISTENCIA | **PLAN:** | FONDOS EGAP | **HORAS:** | 10 |
| **ADMINISTRACIÓN:** | AU\|LO\|UN\|ES\|CI\|XU | **ESTADO:** | CONVOCADO | **ANO:** | 2002 |
| **MOD.IMPARTICIÓN:** | PRESENCIAL | **TIPOLOXÍA:** | XERAL | **EDICIÓNS:** | 1 |

**RESPONSABLE:** []

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

A propiedade intelectual, tan antiga como o propio enxeño do home, tivo unha evolución na que recibiu o impacto dos avances científicos e tecnolóxicos nun proceso de aceleración imparable na nosa época. Desde a pedra ó papiro e logo ó papel, desde o cicel á imprenta, desde a notación musical ó disco, os medios de pór á disposición do espectador ou do lector as obras do enxeño de reproducilas e de divulgalas e polo tanto, de obter un beneficio económico se desenvolveron exponencialmente. No século XX a cinematografía, a radiodifusión, a televisión, o gramófono e o disco, a posibilidade de gravar, primeiro o sonido e logo a imaxe, a irrupción da informática e a súa expansión inverosímil, a aparición da Internet, a Rede, ofrecen unhas expectativas case infinitas e propoñen á vez un cúmulo de incógnitas con non poucos problemas.

Sobre estas e outras cuestións tratará de dar resposta este curso.

### DESTINATARIOS

Persoal ao servicio da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

### PROGRAMA

Trataranse estes temas:

-O traballo do actor de cine.
-Cultura e Internet; unha nova revolución. Problemática dos contidos.
-O dereito de autor na Unión Europea: normas vixentes e proxecto de directiva.
-O concepto de obra audiovisual e os seus problemas: o dereito de cita, o plaxio de formatos en TV, os cortes publicitarios, os remate de películas e outros.
-As obras multimedia.
-Os contratos electrónicos.
-Sobre a protección dos programas de ordenador.
-Os videoxogos.
-O dereito penal da propiedade intelectual. O plaxio. Os delictos cometidos a través da Internet.
-Filmación de espectáculos deportivos e dereitos de cadea.
-O dereito de autor como dereito fundamental.

| CRITERIOS DE SELECCIÓN |
|---|
| Número de prazas: limitado á capacidade do local. |

## 3. DATOS EDICIÓNS

| SADA | | | |
|---|---|---|---|
| **LOCALIDADE:** Sada | | **INICIO / FIN:** 29/07/2002 a 30/07/2002 | |
| **NUM. PRAZAS:** 300 | **ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.) | **DATA EXAME:** | |
| **DOCENTES NOMEADOS** | | | |
| NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE | | | |
| **LUGAR DE REALIZACIÓN** | | | |
| Salón de actos da Casa da Cultura de Sada. Avda. do Porto, s/n. Sada. A Coruña. | | | |